



MOVE A BÓLA



Obxectivos

- Favorecer o uso da lingua galega nas actividades lúdicas.
- Relacionar a práctica do deporte co uso do galego.
- Incentivar o coñecemento de vocabulario galego do deporte e de persoeiros do deporte galego.



Participantes

Rapazada de 9 anos en diante.



Duración

30 minutos.



Materiais

Elementos para practicar o deporte en cuestión: fútbol sala, fútbol, baloncesto, voleibol, balonmán...



Desenvolvemento

1. Para comezar a xogar formaremos equipos de cando menos 5 persoas, ata un máximo de 8.
2. Xogarán os partidos e cada vez que cheguen á portería/canastra/rede e consigan punto deben contestar unha pregunta para validalo.
3. Faranse roldas de preguntas nas que se alternarán temas de deporte ou de vocabulario.
4. Algúns exemplos de tarxetas:
 - Sabedes que outro nome se lle dá en galego ao porteiro en fútbol? **CANCERBEIRO**
 - Que ciclista galego gañou o Tour de Francia? **ÓSCAR PEREIRO**
 - Que campión de triatlón galego estivo nominado aos Premios Príncipe de Asturias? **JAVIER GÓMEZ NOYA**
 - Canto dura un partido de fútbol? **90 MINUTOS**
 - Coñeces o nome do piragüista do Morrazo que gañou dúas medallas de prata en Beijing? **DAVID CAL**
 - Que outro nome se lles dá aos seguidores dun equipo? **SEAREIROS**
 - Cales son os elementos imprescindibles para xogar ao tenis? **RAQUETA, PELOTA E REDE**
 - Que equipo de baloncesto santiagués ascendeu á liga ACB na tempada 2010-2011? **O BLUSENS MONBUS OBRADOIRO**
 - Coñeces algún equipo galego de fútbol sala? **AUTOS LOBELLE, AZKAR LUGO**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

- Dídeme o nome dalgún futbolista galego. ANDRÉS TÚÑEZ, BORJA OUVIÑA, DAVID ROCHELA
- En que deporte destaca a pontevedresa Teresa Portela? PIRAGÜISMO
- Cantos xogadores compoñen un equipo de baloncesto? 5
- Como se lles chama ás sesións nas que os deportistas executan exercicios físicos e técnicos? ADESTRAMENTOS



Máis información

Podes atopar máis información sobre deporte galego en: <http://www.deportegalego.es/>
E <http://www.crtvg.es/deportes>